

A Coruña, 28 de maio de 2018

REPSOL SOLICITA AS LICENZAS PARA A CONSTRUCCIÓN DO POLIDUCTO E AS SÚAS INSTALACIÓNS AUXILIARES

Repsol presentou a solicitude de licenza municipal para a execución das obras do poliducto e as súas instalacións auxiliares nos concellos da Coruña e Arteixo.

Unha vez obtidas as licenzas municipais, cuxo prazo de outorgamento dependerá das administracións locais, e finalizado o expediente expropiatorio, a compañía procederá á execución das obras do poliducto que unirá a refinería co Porto Exterior de Punta Langosteira.

Este novo trámite supón, xunto á tramitación do expediente expropiatorio, o último fito administrativo previo á construción do poliducto e as súas instalacións auxiliares no Porto Exterior, cuxo proxecto está orzado en 80 millóns de euros.

O poliducto terá unha distancia de 3,8 quilómetros de lonxitude, aproximadamente, e contará con 11 tubaxes soterradas: dous van ser para o transporte de cru entre a refinería e a súa nova terminal marítima no Porto Exterior, e as outras 9 tubaxes para outros produtos petrolíferos.

Ademais, terá unha anchura útil de 10 metros para a instalación das 11 liñas e dispoñerá dunha anchura adicional de 2 metros a ambos os dous lados, que permitirá o acceso para vixilancia, mantemento e reparación.

Pola súa banda, as instalacións auxiliares constarán dun sistema de bombeo e regulación para o envío do cru desde o Porto Exterior á refinería. O poliducto e as súas instalacións auxiliares forman parte do proxecto para o traslado das operacións de descarga de cru no Porto Exterior, que tamén inclúe a obra mariña do peirao e modificacións nas instalacións industriais da refinería. Todas estas actuacións supoñerán un investimento de 126 millóns de euros por parte de Repsol.

Na fase de expropiación, Repsol ten a intención de chegar a un acordo cos propietarios das leiras polas que discorre o trazado do poliducto.